



ACTA Nº 2020/12

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, venres 31 de xullo de 2020 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

MARGARITA LAMELA LOUZAN

ASISTEN:

PSOE

RUBEN VILLAR AGULLEIRO

JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO

EMILIA MARIA TRILLO LOJO

BNG

SERXIO DOMINGUEZ LOURO

CESAR PEREZ MARTINEZ

PP

JOSE ANTONIO DOMINGUEZ GARCIA

AGUEDA MARIA DIAZ MEJUTO

MARIA VICTORIA AREAS POSE

IXCee

RAMON VIGO SAMBADE

MARIA DEL PILAR IGLESIAS LEMA

MARIA DEL CARMEN DIAZ FREIRE

Grupo Mixto

JUAN RAMON HERMIDA FANDIÑO

SECRETARIA:

ROCIO HERMIDA CANCELA

INTERVENTORA ACUMULADA:

MARIA EMILIA GARCÍA MANEIRO (NON ASISTE)

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA

- 1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

II. Acta da sesión celebrada o 11 de xuño de 2020.

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.

III. Acta da sesión celebrada o 26 de xuño de 2020.

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade.



DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

2. Proposta da Alcaldía relativa á delegación de competencias na Deputación Provincial da Coruña en materia de control financeiro. Expediente Nº 2020/X999/000090.

Considerando o Ditame que literalmente se transcribe:

*“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día xoves 9 de xullo de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:*

2. Proposta da Alcaldía relativa a delegación de competencias na Deputación da Coruña en materia de control financeiro. Expediente Nº 2020/X999/000090.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA EN MATERIA DE CONTROL FINANCEIRO.

EXPEDIENTE Nº: 2020/X999/000090

Considerando que a Deputación Provincial da Coruña no BOP de data 6 de xullo de 2020 Nº 101 procede a publicación do texto íntegro da modificación das Bases de prestación de servizos de control financeiro aos concellos da Provincia.

Resultando que a Base Terceira literalmente establece:

“CONTIDO E ALCANCE DA DELEGACIÓN.

1. Contido. Os concellos poderán delegar as seguintes funcións:

a) O exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas nun determinado exercicio ou de todos os exercicios pechados, sempre que as obrigas dos beneficiarios non estean prescritas.

b) A instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de Dereito público resultantes. Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a prestación de Servizos tributarios aos concellos da Provincia,

2. Alcance do exercicio das competencias delegadas.

2.1 A delegación de competencias en materia de control financeiro de subvencións implica que a Deputación asumirá a totalidade das funcións do órgano interventor municipal con respecto ao exercicio desta función. Asemade, asumirá as competencias para a tramitación dos posibles expedientes de reintegro que se deriven dos informes emitidos, así coma o exercicio da potestade sancionadora, cando se aprecien algunha conduta infractora nos informes emitidos. Finalmente, tamén abranguerá a xestión e recadación das liquidacións resultantes dos procedementos de reintegro e sancionadores, que lle permitirá a Deputación liquidar e recadar, tanto en período voluntario como executivo, as sancións resultantes a través dos Servizos da Área Tributaria. Os importes obtidos serán ingresados a prol de cada concello segundo o previsto nas Bases para a prestación de servizos tributarios anteriormente referidas, unha vez descontada a taxa que se reporta a prol da Deputación.



2.2. No ámbito do control permanente dos servizos públicos, a delegación comprenderá a función de emitir anualmente un informe respecto da adecuación do servizo ao ordenamento xurídico e aos principios de boa xestión financeira, co fin de mellorar a xestión no aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental.(...)"

Considerando os informes emitidos pola Intervención Municipal, do seguinte tenor literal:

"ASUNTO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA EN MATERIA DE CONTROL FINANCEIRO

Rosa María Fernández Canosa, Interventora do Concello de Cee á vista da publicación no BOP de 23 de xuño do presente ano do anuncio do acordo polo que se modifican as bases de prestación de servizos e control financeiro ós Concellos da provincia da Deputación da Coruña considera que:

Mostra a súa conformidade á realización dos trámites necesarios para acollerse á oportunidade que a Deputación da Coruña pon a disposición dos Concellos da provincia de delegar neste caso o control financeiro das subvencións outorgadas polo Concello de Cee así como a delegación da xestión, liquidación e recadación dos reintegros e posibles sancións que se deriven do exercicio do control financeiro de subvencións.

Os trámites deberán iniciarse unha vez se publiquen no DOGA as bases da delegación pola Deputación da Coruña.

Remítese para o seu coñecemento e asínase dixitalmente."

ASUNTO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA EN MATERIA DE CONTROL FINANCEIRO

Rosa María Fernández Canosa, Interventora do Concello de Cee á vista da publicación no BOP de 23 de xuño do presente ano do anuncio do acordo polo que se modifican as bases de prestación de servizos e control financeiro ós Concellos da provincia da Deputación da Coruña considera que:

1. O aumento paulatino das funcións de control encomendadas á intervención municipal nos últimos anos por parte da administración do estado, o incremento das necesidades de subministro de información que se plasma de forma trimestral (morosidade, período medio de pago, execución trimestral do orzamento) e de forma periódica (envío de orzamento, liñas orzamentarias, liquidación do mesmo, plan económico financeiro e seguimentos periódicos, costes dos servizos municipais, esforzo fiscal...) xunto coa merma dos medios humanos á disposición desta Intervención (a praza do técnico de administración xeral adscrito á intervención leva anos sen cubrir) fan que as funcións de fiscalización sexan relegadas a un segundo plano para dar resposta a estas necesidades xunto coa actividade normal do Concello de Cee que ten unha dinámica crecente.
2. O RD 424/2017 de 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades do sector público Local estableceu un réxime máis exhaustivo sobre determinados ámbitos da actuación municipal: principalmente as subvencións e os servizos prestados de forma indirecta. Con motivo desde notable incremento na intensidade das funcións de control e ante a insuficiencia de medios dos que se dispoñen esta Intervención tras valorar a necesidade de realizar por medios alleos esta función plantexou para evitar o gasto de contratar de forma externa mediante un contrato de servizos estes traballos e como un plus de garantía dos mesmo que fora realizada por funcionarios a posibilidade de trasladar esta necesidade ó



servizo de asistencia a municipios. Así con data 8 de maio de 2018 e posteriormente o 15 de abril de 2019 se solicitou polo Alcalde nese momento Ramón Vigo Sambade esta posibilidade ó Presidente da Deputación da Coruña, que foi reiterada pola Alcaldesa actual en data 18 de outubro de 2019. A día de hoxe esta posibilidade se abre ós Concellos de entre 5.000 e 10.000 habitantes considerando esta Intervención necesaria e imprescindible para a realización de funcións obrigatorias e para evitar o gasto en recursos ordinarios do Concello. Considerando que a Deputación da Coruña conta con medios humanos e técnicos necesarios para a prestación deste servizo que se pon a disposición do concellos e tendo en conta que é gratuíta e que a súa prestación suporía un auxilio na función de control obrigada destas actuacións municipais se solicita se realicen os trámites oportunos para delegación das competencias citadas na Deputación da Coruña.

Polo exposto esta Intervención informa á Sra. Alcaldesa da necesidade da realización dos trámites necesarios para acollerse á oportunidade que a Deputación da Coruña pon a disposición dos Concellos da provincia de delegar neste caso o control financeiro das subvencións outorgadas polo Concello de Cee así como a delegación da xestión, liquidación e recadación dos reintegros e posibles sancións que se deriven do exercicio do control financeiro de subvencións.

Tal como establecen as bases o acordo provisional debe ser aprobado polo Pleno do Concello de Cee co voto favorable de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, que debe contar co informe de conformidade do órgano interventor que se axunta.

O acordo debe ser obxecto de publicación no BOP abríndose un prazo de 30 días hábiles para coñecemento dos interesados e posibles alegacións.

O acordo definitivo resolvendo no seu caso as alegacións realizarase polo Pleno ou elevando a definitivo o acordo provisional.

Notificarase a Deputación mediante certificación de Secretaría o acordo definitivo.

Os trámites deberán iniciarse unha vez se publiquen no DOGA as bases da delegación pola Deputación da Coruña.

Remítese para o seu coñecemento e asíñase dixitalmente."

Visto o informe xurídico favorable emitido pola Secretaria Municipal.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobación provisional da delegación das seguintes funcións:

a) O exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas nun determinado exercicio ou de todos os exercicios pechados, sempre que as obrigas dos beneficiarios non estean prescritas.

b) A instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de Dereito público resultantes. Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a prestación de Servizos tributarios aos concellos da Provincia.



SEGUNDO.- Proceder a publicación do acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia, abríndose un prazo mínimo de 30 días hábiles para o coñecemento dos interesados e para a presentación, no seu caso, de alegacións ao mesmo.

TERCEIRO.- Proceder ao acordo definitivo do Pleno do Concello delegante, resolvendo no seu caso as alegacións presentadas, ou elevando a definitivo o acordo provisional, de non presentarse ningunha.

CUARTO.- Notificar á Deputación do acordo definitivo de la delegación, achegando certificación expedida pola Secretaría do Concello delegante.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.”

Sométese a Proposta á votación e resulta ditaminada favorablemente por 2 votos a favor do grupo político PSOE e 6 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

INTERVENCIÓNS

Intervén a Sra alcaldesa e di que xa coñecen a proposta que foi explicada na comisión pola Sra Interventora, intervencións?.

Intervén o Sr Vigo: a verdade que sinto que non estea a interventora porque non intervin na comisión para facelo hoxe, primeiro para explicar a abstención, para manter unha coherencia coa miña etapa de alcalde, non son partidario nos últimos plenos onde se plantexaron delegacións de competencias noutras administracións, na miña idea de alcalde estaba amortizar a praza de técnico de Miguel fai anos a intervención estaba agregada o secretario municipal porque non había intervención, cando se xubilou o tesoureiro Sr caruncho en paz descanse colleu a tesourería un funcionario de administración xeral logo sacouse a praza do grupo A, como non funcionaba tesourería volveu a Angelina e ao técnico de administración xeral se xuntaron unhas competencias un pouco para encher contido dunha praza que orixinariamente levaba tesourería nada mais, cando veu intervención igual supón maior ou menor traballo pero non penso que estea saturada, non o considero, por iso hoxe non imos votar en contra senón abstención por coherencia política no voto.

Sr Dominguez García: nos vamos votar favorablemente porque despois da comisión falamos ca interventora e me convenceu, cambiou o sistema das subvencións se non se fai isto habería que contratar e isto prestao a Deputación gratis, isto é así por que o explicou a interventora, cando foi do tema da Aplu si viñera o técnico e nos explicara o mellor non digo que si pero nos convencía neste caso si.

VOTACIÓNS

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado pola maioría absoluta dos membros da Corporación no seguinte sentido:

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	4	3	-	-	-
CONTRA	-	-	-	-	-
ABSTENCIÓNS	-	-	3	2	1



B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

3. Dar conta de resolucións da alcaldía para coñecemento: N° 407/2020 do 22 de xuño á N° 521/2020 de 23 de xullo.

Quedan enterados/as.

4. Dar conta do P.M.P 2º Trimestre 2020. Expediente N°: 2020/X999/000091.

Quedan enterados/as.

5. Dar conta do Informe de Intervención e Tesourería Morosidade 2º Trimestre 2020. Expediente N° 2020/X999/000091.

Quedan enterados/as.

6. Mocións de urxencia.

Intervén o Sr Dominguez García e di que mandaron por correo as mocións, temos dúas a primeira é para instar o goberno de España a non apropiarse dos recursos das entidades locais.

RATIFÍCASE A URXENCIA POR UNANIMIDADE

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR NO CONCELLO DE CEE, PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A NON APROPIARSE DOS RECURSOS DAS ENTIDADES LOCAIS

O Grupo Municipal Popular no Concello de Cee conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio da pandemia provocada polo virus COVID-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas -adiantándose en moitos casos ás decisións tomadas polo goberno central- para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños. Tamén foron pioneiras en poñer en marcha medidas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia.

O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

A única medida que tomou o goberno central é permitir que as EE.LL. poidan gastar unha pequena parte do superávit xerado en 2019 para atender gastos urxentes derivados da posta en marcha de medidas sanitarias, sociais e económicas así como para financiar gastos de investimento en vehículos eléctricos ou con etiqueta ambiental CEO ou ECO.

Unha medida que é unha medida trampa e insuficiente. Trampa porque non supón un financiamento adicional senón que as entidades locais fan uso dos seus "aforros", porque non suprimiu a obrigatoriedade de cumprir todos os requisitos establecidos na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF)-e por tanto impide a moitas entidades locais facer uso do superávit ou lles obriga a amortizar débeda, detraendo recursos na loita contra a pandemia e os efectos da mesma- e porque ademais o goberno establece en que poden gastar ou non o seu diñeiro, o diñeiro de todos os veciños, as entidades locais.

É insuficiente porque a porcentaxe aprobada é ridícula para atender non só as actuacións urxentes, senón todas as medidas que as entidades locais puxeron en marcha, e deberán seguir poñendo en marcha nos próximos meses, para garantir a saúde e o benestar dos seus veciños.

Ante esta situación, as entidades locais -de todo signo político- a través dos órganos da FEMP e dos



lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:

1. Flexibilizar a Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que todas a EE.LL. poidan dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería -os seus "aforros", os "aforros dos veciños"- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma; sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas CC. AA. e o Estado, de forma que a súa utilización para os fins descritos non compute no exercicio 2020 para o cálculo da Regra de Gasto e a Estabilidade Orzamentaria.
2. Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.
3. Prorrogar os prazos para que as entidades locais poidan executar os Investimentos Financeiramente Sostibles, financiadas con cargo ao superávit de 2018 ou 2019, dado que a suspensión de prazos administrativos como consecuencia do estado de alarma provocou que moitas delas non finalicen en 2020.
4. Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás Entidades Locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL. na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Ningunha destas peticións tivo resposta por parte do Goberno de España. Un goberno que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar "confiscar" o superávit xerado en 2019 polas EE.LL. así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforros municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.

O goberno pretende que os concellos e gobernos provinciais prestémoslle "a totalidade" dos aforros acumulados durante os últimos 8 anos e, a cambio, soamente permitiránnos gastar, durante os próximos dous anos, unha terceira parte dun diñeiro que é dos nosos veciños e exclusivamente naquelas actuacións que previamente definiu o goberno.

O resto do diñeiro prestado será devolto polo goberno ao longo dos próximos 10 anos, aínda que a proposta exclúe o calendario de pagos, o que supón que as EE.LL. non poderán utilizar a totalidade dos seus aforros durante a próxima década e por tanto, a asfixia financeira dos mesmos.

Ademais, na proposta que coñecemos inclúense varias das medidas solicitadas polas EE.LL. nestes meses que só se poñerán en marcha se previamente acéptase prestar a totalidade dos aforros do municipio ou provincia ao goberno.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais, así como varios preceptos da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno do Concello de Cee, a adoptar os seguintes:

ACORDOS

Manifestar:

1. O compromiso do Concello de Cee, coa Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o goberno central.
2. O profundo rexeitamento deste Concello a calquera medida tendente a apropiarse dos aforros acumulados polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Instar o goberno de España a:

3. *Respectar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.*
4. *Atender as demandas das EE.LL., especialmente a referida á flexibilización da Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19.*
5. *Que si pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide ditas modificacións no Congreso dos Deputados ou ante os órganos de goberno da FEMP, lexítimos representantes das EE.LL. e dos españois.*
6. *Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias. Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e das Cortes e á Xunta de Goberno da FEMP.*

INTERVENCIONS

Sr Vigo: vamos apoiar a moción, mais dunha ocasión manifestamos que non estabamos de acordo coas limitacións da Lei Montoro e eu no 2015 cando volvin a ser alcalde pensei que habería un cambio que non aconteceu o PP tiña 130 deputados a oposición a maioría, que votou en contra da Lei pero ninguén plantexou o cambio normativo que posibilitase que os concellos recuperasen parte da súa economía, si seguimos nesta liña e ninguén intenta redimensionar os concellos o final poden facer de nos como a oficina de emprego, facenda ou unha oficina mais da administración onde ven os cidadáns a resolver problemas, o secretario que recupere as funcións que tiña, de xefe de persoal e funcione sen políticos porque a nosa capacidade de movemento, e Vde dende fai un ano verá que está limitada porque nos teñen coartados, e dende un puntos de vista democrático non é bo, porque nos somos a administración que coñece de cerca os cidadáns e podemos resolver de maneira mais axetada os problemas, os cartos públicos son de todos pero repartilos entre a administración local que agora presenta un problema importante incautar os cartos dos concellos, o grupo independente vai apoiar.

Sr Pérez: Nos non podemos estar a favor desta moción, hoxe temos problemas coas palabras poderíamos votar a favor pero mudar a palabra flexibilización por derogación porque xa o trouxemos antes, aparte cambiar FEMP por FEGAMP, nada mais

Sr Dominguez García: a chamada Lei Montoro derogala 100% non sei si sería prudente porque gracias a esta lei os concellos hoxe estan saneados os provedores cobran o día cando recordo que estaban todos endebedados e poucos provedores que querían traballar cos concellos,, estaban endebedados hasta as cellas incluso algúns o diñeiro do POS se pagaba os funcionarios e non os contratistas, gracias a esta lei se sanearon os concellos por completo, entón derogala completa non, algúns aspectos para que os concellos teñan mais autonomía a hora de administrar os recursos, derogala o 100% non.

Sr Pérez: pensamos que si sería un bo momento para poder dispoñer deses cartos

Sr Dominguez García: podemos sen derogar

Sr Pérez: seguimos defendendo a derogación da Lei Montoro e xa o falamos neste pleno moitas veces.

Sra. Alcaldesa: o goberno vai votar a favor estamos de acordo que é necesaria a flexibilización desta lei máxime este ano que a diferenza doutros anos si cumprías ca regra de gasto e período medio de



pago permitían utilizar o superavit nesta ocasión so o 20% entón mais que nunca é necesario máxime na situación que estamos agora polo tanto o goberno vai votar a favor

VOTACIÓNS

Sométese á votación a MOCIÓN e resulta aprobada no seguinte sentido:

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	4	3	3	-	1
CONTRA	-	-	-	2	-
ABSTENCIÓNS	-	-	-	-	-

Intervén o Sr Dominguez García: temos outra

Sra alcaldesa non pode ser plantexado como moción senón como rogo.

Sr Dominguez García: foi a outros concellos e se aprobou perfectamente

A Sra alcaldesa da palabra a Secretaria.

Secretaria: xa o expliquei tantas veces, tanto o ROF como o Regulamento Orgánico da Corporación di claramente que se poderá introducir mocións cando non teña cabida en rogos e preguntas, isto é un rogo porque é unha proposta de actuación o propio concello e considerase que como é rogo non ten cabida en mocións.

Sr Dominguez García: si fora a comisión previamente podía chegar a pleno informada por secretaria e intervención.

Sra alcaldesa: no podería ir a pleno porque non pode plantexarse como moción, se está instando o goberno de Cee, un rogo, unha petición o concello de Cee, ao alcalde ou goberno para que faga algo e non entra no termo moción

Sr Dominguez Garcia: creo que si plantexáramos en rogos e preguntas inda que lle digo que noutros concellos se aprobou e se levou adiante, o importante é resolver o problema tanto a través de moción como rogo.

Sr Vigo: sexa rogo ou moción o noso apoio o plantexamento que trae o PP. Estamos completamente de acordo que o Concello poña da súa parte para resolver un problema importante e a veces descoñecido por moitos.

Sra alcaldesa: hai que dar solución a estas familias pero o criterio a aplicar para rogo ou moción é o mesmo da lexislatura pasada porque xa pasou mais veces

Sr vigo: na lexislatura este colectivo foi atendido en canto o contido

Sra alcaldesa: non falo do contido senón da forma.

Sr Vigo: si si si

Sr Pérez: imos apoiar a moción, estamos de acordo.

Sr Hermida: estou de acordo sexa como moción ou como rogo.

Sr Pérez: introduce por urxencia a moción sobre utilización dos fondos municipais polo goberno do estado.

RATIFÍCASE POR UNANIMIDADE DOS PRESENTES

MOCIÓN AO PLENO SOBRE A UTILIZACIÓN DOS FONDOS MUNICIPAIS POR PARTE DO GOBERNO DO ESTADO

“Ante a situación de incertidume que se está a xerar nas Administracións locais galegas, desde o BNG

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



manifestamos o noso profundo rexeitamento a calquera tentativa de incautación ou bloqueo dos fondos municipais por parte do Estado, xa que as necesidades estatais non poden anular as necesidades locais.

Sorprendeunos que este venres pasado a FEMP convocase unha xuntanza extraordinaria da súa Xunta de Goberno para presentar e aprobar un acordo entre o goberno de España e a FEMP para, segundo consta textualmente na convocatoria, "contribuir desde los municipios a desarrollar una movilidad sostenible, la agenda urbana y políticas de cuidados y apoyo a la cultura". Baixo este eufemismo, o que este acordo agocha non é nin máis nin menos que que o estado faga unha operación para dotarse de liquidez a consta dos remanentes municipais. (Estamos falando de que a cantidade de remanentes das entidades locais galegas estímase nuns 890 millóns de euros)

A reacción de rexeitamento xeneralizado fixo que o presidente da FEMP se vira na obriga de suspender a Xunta de Goberno na que pretendía dictaminar este acordo.

A escusa do ministerio para xustificar esta proposta en base a imposibilidade de incumprir a lei de estabilidade, a chamada lei Montoro, e que así non lle computa aos concellos como déficit, é un insulto a intelixencia. A Comisión europea acordou flexibilizar a limitación de endebedamento dos estados como consecuencia da crise da Covid. Os Estados van poder incrementar a débeda, mais segundo a interpretación do ministerio a única administración que vai poder incrementar a débeda é a Administración Xeral do Estado. A Administración Local non debe ser Estado e non vai poder incrementar a débeda, malia supoñer no caso de Galiza un 0,3% do PIB galego, e estar o límite no 3%.

En calquera caso, é fundamental garantir que a posibilidade de utilización de fondos ou endebedamento por parte dos concellos non sexa utilizado por outras Administracións para buscar financiamento e a asunción por parte das entidades locais de competencias impropias, cargando así sobre os municipios o custo de servizos que non poden nin deben ser asumidos.

Esta é unha vella demanda do municipalismo galego, e así quedou reflectido nos relatorios aprobados na asemblea xeral da FEGAMP celebrada no mes de novembro pasado e na que por unanimidade se acordou "Demandar a flexibilización de utilización do remanente e superávit a calquera tipo de inversión que redunde en beneficio da comunidade, estendendo o ámbito temporal de aplicación e considerando a posibilidade de poder aplicar parte do mesmo en gasto corrente"

Por todas estas razóns pide na moción que se inste á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a derogación da Lei de 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para permitir ás entidades locais atender as competencias propias con cargo aos remanentes e/ou superávit, así como ampliar a capacidade de endebedamento das Administracións locais para afrontar os ditos gastos. Ademais, que a interlocución do goberno do estado cos concellos galegos se estableza a través da FEGAMP, entidade na que están representados a totalidade dos concellos galegos e as catro deputacións provinciais."

INTERVENCIÓNS

Sr Dominguez García: como dixemos antes, a derogación non porque foi válida.

Sr Vigo: nos que somos flexibles e realmente así como podemos apoiar a moción do PP tamén podemos apoiar a moción do BNG, a Lei Montoro pudo ser un bo vehículo normativo para saída da crise no momento que se ditou pero posiblemente hoxe non sexa necesaria e despois o segundo punto de dirixilo a FEMP ou FEGAMP nos dá igual porque nos representan ambos organismos.



Sra alcaldesa: vamos votar a favor pásame como o Sr Vigo me representa tanto FEMP como FEGAMP e me val flexibilización ou derogación porque é necesario que nos permitan utilizar o superavit e vamos votar a favor.

VOTACIÓNS

Sométese á votación a MOCIÓN e resulta aprobada no seguinte sentido:

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	4	-	3	2	1
CONTRA	-	3	-	-	-
ABSTENCIÓNS	-	-	-	-	-

7. Rogos e preguntas.

Sr Dominguez García: si sabe algo do tema que afecta a lei de costas e sobre todo a piscifactoría de Lires, si toman algunha medida, si sabe algo respecto a moción que presentamos.

Sra alcaldesa: o que dixen no anterior pleno teñen que facer a solicitude dunha nova concesión con independencia de que teña coñecemento das alegacións presentadas a prórroga o que me deron traslado é que teñen que solicitar unha nova concesión

Sr Dominguez García: eso é tanto como derogala e competir, porque entra en competencia con outros non garantiza que sexa concedida, vimos nos medios de comunicación e redes que teñen TV pero deso non se vive, agora terán mais tempo pero marzo está aí. Segundo, respecto a acta decía Vde naquel pleno extraordinario: "sabe lo que es peor en la vida , lo peor no es ser ignorante sino pensar que se sabe cuando no se sabe", que sepa que non me ofendi para nada, nunca, simplemente que agora se pode aplicar posto que esta prohibido o ozono, que se vai facer ca maquina, devolvese? estamos gastando cartos para cousas que son inservibles

Sra alcaldesa: estanse facendo os cursos de especialización

Sr Dominguez García: está prohibido desinfectar con ozono

Sra alcaldesa: si non se cumpren determinados requisitos, si se cumpren los requisitos no está prohibido, debe ser utilizada con profesionales al respecto.

intelixible

Sra alcaldesa: no le llamé ignorante

Sr Dominguez García: que quer decir logo: "sabe lo que es peor en la vida , lo peor no es ser ignorante sino pensar que se sabe cuando no se sabe"

Sra alcaldesa: lo pero es pensar que se sabe cuando no se sabe y está bien explicado en la acta, usted tiene mas conocimiento de electricidad que puedo tener yo y el Sr Vigo en materia sanitaria y es lo que dije porque uno no sabe de todo y hay que asesorarse a eso me refería, yo en ningún momento le llame a usted ignorante

Sr Dominguez García: que lle fai pensar que non me informei e asesorei antes de falar, de feito bastante mellor porque aí está o resultado.

Sra alcaldesa: el ozono se puede utilizar con una serie de medidas

Sr Dominguez García: está prohibido

Sra alcaldesa: como usted queira

Sr Vigo: siempre nos queda mil anuncios, Abay como alternativa.

Sra Díaz: yo mandé la moción ayer a todos los grupos y a la secretaria

Sra alcaldesa: me llegó hoy.



Sra Díaz: si había que modificar también se pudo haber dicho y se modificaba mas que nada para adoptar el acuerdo porque como ruego o pregunta no se vota.

Sra alcaldesa: pero instar al gobierno no es moción es ruego, ya se dijo tantas veces como presentar una moción.

Sra Díaz: se presenta como ruego, procede a lectura:

“O Grupo Municipal Popular do Concello de Cee conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Rexime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Mocion:

Exposición de Motivos:

Na nosa sociedade existen colectivos de poboación que demandan a nosa máxima atención, formación, coidado e protección. As administración públicas e en especial os Concellos deberían prestar unha atención e protección especial a ditos colectivos.

Un destes colectivos é o composto polas familias e menores con capacidades e necesidades especiais.

Non só hai que reivindicar a súa igualdade senon tamen, a súa plena inclusión tanto a nivel educativo como social.

O Grupo municipal do Partido Popular despois de manter varias charlas cas nais, e de coñecer de primeira man os problemas de dito colectivo queremos mostrar o noso apoio, dar visibilidade e poñer en coñecemento do goberno municipal os problemas os que se afrontan día a día ditas familias.

Dacordo cos datos dos servizos sociais, en Cee temos un total de dez nenos co TEA (Transtorno do Espectro Autismo), deses dez nenos:

- Cinco teñen entre 11 e 14 anos.
- Dous teñen 7 anos.
- E Tres son menores de 7 anos.

Estos datos evidentemente son orientativos, xa que non existe unha base de rexistro donde aparezcan os datos de forma oficial. De feito, nos Servizos Sociais nos informan de que teñen a certeza de que existen mais casos pero non aparecen na lista de Servizos Sociais ben porque aínda non se tramitou a dependencia, ou porque todavía son moi pequenos e non contan cun diagnóstico definitivo.

Estes nenos e nenas necesitan unha educación que garantice a súa plena inclusión na sociedade. Unha das opción que as familias barallan cando se teñen nenos con necesidades e capacidades especiais, é a educación combinada.

Esta educación consiste en que os nenos se eduquen en dous centros educativos, un centro ordinario, no que se desenvolven nun entorno no que os demais nenos non teñen necesidades especiais fomentando a inclusión no entorno, e outro centro específico no que se desenvolve unha tarefa moito mais concreta e centrada nas necesidades de cada neno e que lles axuda a inclusión na sociedade.

- Unha educación individualizada, pictogramizada, ordenada, con lingua de signos, donde se traballan as emocións, a relaxación. Donde lles enseñan a ir o dentista, a facer unha radiografía, a ir a pescadería...en definitiva a súa inclusión na sociedade e o desenrolo da súa autonomía.

Ojalá fose posible esta educación nun centro Ordinario. Pero despois de falar cos país destes nenos sabemos que non é así, nin os profesores teñen a formación nin o tempo nin os medios para garantir esta educación.

Ben é certo que non todas as familias optan pola educación combinada, pero para algunhas é a única opción para garantir á Educación destes nenos.

O Autismo abarca moitas ramas e moitos grados e a educación nun centro ordinario nalguns casos



non e suficiente para o seu desenrolo vital.

Un dos problemas co que se encontran os pais e nais da nosa comarca, é que o centro de educación específica mais cercano está en Santiago, Aspanaes.

O transporte desde nenos ata dito centro é o principal escollo destas familias:

- *Luns e martes non teñen transporte, polo que terían que levalos e ir a buscalos a Santiago.*
- *Mercores e Xoves teñen que ir ata o cruce da Pereira, donde o transporte do centro os recolle, os leva ó centro e posteriormente volve a levalos ata a Pereira, donde os pais teñen que ir a recollelos.*
- *O Venres, é o único día que teñen transporte. O 065 recolleos na casa, levaos o centro e traeos de volta para casa.*

Esta última opción sería a opción ideal para estas familias que escoitan de lonxe, moi de lonxe o eco dunha palabra que para elas é unha gran descoñecida: A CONCILIACIÓN.

Para as familias con nenos con capacidades e necesidades especiais da nosa comarca, é imposible conciliar.

Sin embargo as familias de Concellos veciños teñeno un pouco mais fácil.

Só hai que ver os nosos veciños de Muros, Noia e Serra de Outes. Estes tres concellos teñen un convenio que garantiza a asistencia de nenos con TEA a dito centro especializado en Santiago de Compostela.

Entre os tres concellos asumen os gastos dun transporte que leva e trae diariamente os nenos desde os seus Concellos ata o Centro de Aspanaes.

Outro dos problemas cos que se encontran as familias é o ocio destes nenos, e esta é unha das razóns principais xunto co transporte, da creación da Asociación que están a por en marcha.

O xogo nos parques infantís dos nenos e nenas con diversidade funcional non existe.

Os espazos de xogo inclusivos son totalmente necesarios para o esparcemento e a integración social. De todos é sabido que os nenos e nenas aprenden XOGANDO, e adaptar os nosos parques con zoas e infraestruturas para o xogo de estes nenos sería algo no que traballar.

Non teñen campamentos de verán porque non teñen cuidadores especializados, non teñen actividades extraescolares polo mesmo motivo. Van do centro educativo a casa, e da casa o centro educativo.

Por todo o dito anteriormente propoñemos a adopción dos seguintes acordos:

Instar:

- *O Concello de Cee, que en colaboración cas Asociacións e Colectivo especializados no ámbito da diversidade adopte as medidas necesarias para garantir o transporte destes nenos ó Centro especializado en Santiago de Compostela, garantindo o seu dereito a educación e o seu desenrolo vital.*
- *Buscar a colaboración de outras administracións públicas para alcanzar ditos obxetivos, e facer que o día a día destas familias sexa un pouco mais fácil.*
- *Buscar a colaboración do resto de Concellos para garantir un servizo eficaz e duradeiro no tempo.*
- *Adoptar as medidas necesarias para que os parques infantís do noso Concello, sexan adaptados con infraestruturas para o xogo e esparcemento destes nenos.*
- *Dar traslado de esta Moción a todos os grupos Políticos do Concello de Cee."*

Sra Díaz: está clara a moción e como rogo, simplemente engadir que había mais xente pero están agora mesmo facendo unha asociación, uns estatutos para dar a coñecer o que implica, quero dar



traslado do que me dixeron que se poñen a disposición do goberno para calquera cousa que queiren facer chegar.

Sra Trillo: como concelleira de benestar e servizos sociais, contesto eu, nos estamos dispostos e totalmente de acordo que é un tema pendente, quería explicar que hai un programa de conciliación este ano que se pediu subvención e nese momento non sabiamos si iban a concedela, logo veu o covid, en maio a diputación sacou o pos adicional para operacións financeiras para gastos a maiores sobre 34000 euros e decidimos que parte se iba invertir nun programa de cooperación ou conciliación cun centro en Cee, porque é o único que hai aquí que ten esas especialidades, xa falei con mais nais, informeime, estades falando de trastornos de TEA, pero no prazo que se concedeu para anotarse, houbo 30 nenos, con autismo, TDAH, transtornos de aprendizaxe, de conducta, de linguaxe, vamos poñendo granos de arena, eso é o que facemos agora.

Sra Díaz: no pongo en duda eso,

Sra Trillo: tampouco hai un rexistro, creo que había 7 con TEA.

Sra Díaz: son 10 los que tienen pedido la dependencia

Sra Trillo: nosotros dentro de nuestras posibilidades vamos hacer una colaboración con este centro porque tiene todas las especialidades y es el único que hai es lo que intentamos y nos preocupa.

Sra Díaz: estamos diciendo que hay familias que tienen niños que pueden ir a centros de educación ordinaria, el problema es cuando un niño va a un centro ordinario y no es suficiente para su desarrollo vital y la conciliación de estas familias que tienen que ir a Santiago este es el problema, solo pedimos que los concellos, de aquí y los colindantes se pongan de acuerdo, ahora hay 2 en Cee, 2 en Muxía y 1 en Santa Comba, nos ponemos de acuerdo y facilitamos que puedan llevarlos, se puede poner un microbus que a lo mejor son 4 o 5 niños, que se le de la opción, hablaba con una mama me decía que le daban un trabajo pero el martes a las cuatro tengo que irme, con lo cual tampoco pueden trabajar.

Sra Trillo: vamos haciendo cosas dentro de nuestras posibilidades poco a poco, como cuando se hizo la hora sin ruido, no podemos solucionar todo, dentro de los medios que tengo intentamos aportar el granito de arena, el transporte no hay problema se habla con otros ayuntamientos.

Sra. Díaz: si tenemos el compromiso, y la moción sirve me doy por satisfecha, el tema de los parques otro tanto.

Sra alcaldesa: el tema de los parques infantiles es una necesidad patente que Cee necesita modificar, entonces se han solicitado dos presupuestos, para modificar el parque infantil de las niñas y el otro pequeño, el del paseo del parque marítimo tenemos las obras del saneamiento que irá la balsa de agua y habrá que trasladarlo, no se va a modificar sabiendo lo de la obra, se pidieron los presupuestos y se incluirán juegos para esos niños pero tenemos que tener la disponibilidad económica pero está mirado y encima de la mesa, es una demanda de todos los padres de la necesidad de una reforma de los parques infantiles.

Sr Vigo: desgraciadamente hai unha serie de problemas en xeral da sociedade que nos ven de abaixo arriba, realmente o plantexamento do PP (intelixible) os concellos da comarca axudaban os rapaces para que viñera a un centro de Cee o plantexamento que se colabore no transporte deste colectivo para sua atención, despois si xurden outras cuestións, e se organizan como asociación se poderán plantexar outras alternativas o concello terá que ver si ten capacidade ou non para esa axuda como no seu día se fixo con aspadex esa é a liña.

Sra Díaz: adquirir el compromiso con esas familias que están ahí que tengan la seguridad que desde el concello y saber si se puede en septiembre, que puedan tener la oportunidad de los demás niños simplemente es eso, no es lo mismo decirle a tu abuela llevame al niño al colegio que está al lado, que tener que llevar el niño a Santiago, necesitan ayuda y entre todos los concellos se adquiere el compromiso se puede hacer, el director de Aspanaes decía que ni siquiera necesita un conductor que tenga un carnet especial, depende del vehículo incluso simplemente carnet de autobus, hay soluciones muy sencillas, es sentarse y hablar y si de aquí se sale con el compromiso y queda patente y constancia ya que no se puede tomar acuerdo que no es moción, es lo unico que queremos.



INCIDENCIA

Sendo as 20:50 horas, a Sra Iglesias Lema abandona o Salón de Plenos.

Sra alcaldesa: el compromiso está y se está trabajando no hay problema en hacer las reuniones que sean necesarias.

Sr Dominguez Louro: este tema é suficientemente importante e grave como que esa partida da que se fai uso ten que habela si ou si, sobre todo tamén buscar financiación , dar pasos adiante en canto a asociación estea formada nos encantaría ter unha reunión con eles para escoitalos.

Sra alcaldesa: pues estamos todos de acordo.

Sra Díaz: que conste que estamos todos de acordo.

Sr Pérez: aquí sempre queda constancia que estamos de acordo, que temos un problema con Ferroatlantica, con Tres Mares pero todo queda nas actas, no último pleno aprobouse por unanimidade instar a consellería de industria a requerir a Ithaka e Ferroglobe o contrato para que se poda fiscalizar a venda e comprobar o cumprimento dos requisitos do mantemento do emprego, sabemos algo sobre eso?

Sra alcaldesa: enviouse

Sr Pérez: e xa está, non nos molestamos en saber que sexa atendida a petición, chegar a ver ese contrato, temos que esperar

Sra alcaldesa: si non contesta haberá que chamar, hai que darlle un pouco de tempo porque o pleno entre que se redistribue.

Sr Pérez: estamos vendo que dende fai 4 anos están intentando separar a produción industrial da electricidade e se non o conseguiron é pola insistencia da Ciga

Sra alcaldesa: polos demais non? por parte desta alcaldesa incluso un día levantouse moi cedo para facer un escrito o sindicato para enviar os organismos correspondentes por petición deles, non é certo que so nos limitemos, facemos escritos, solicitamos entrevistas pero non temos resposta por parte da Xunta.

Sr Pérez: : fixose algunha xestión con Xeal ou coa Xunta polos fornos, algunha novidade que se fixera no concello.

Sra alcaldesa: chamadas moitas.

Sr Pérez: non collen?

Sra alcaldesa: non contestan, din que van recibir pero non teño resposta.

Sr Pérez: por outro lado, entón conformámonos

Sra alcaldesa: non nos conformamos

Sr Pérez: parece porque vense fotos de eventos, non se aproveita para falar coa empresa

Sra alcaldesa: coa empresa?

Sr Pérez: con Xeal?

Sra alcaldesa: se lle pregunta e me preocupo porque non arrancan os fornos, porque a situación é así? Cando se van poñer en funcionamento?, me din que van facer unha inversión considerable respecto o forno de Cee e se prevé que se poña en marcha , eles din eso pero non sei si é certo.

Sr Pérez: antes contestou o Sr Dominguez sobre o grupo Tres Mares, o mes pasado esa resposta xa parecía unha resposta de mal pagador, porque este mes teríamos que saber si a empresa fixo a solicitud e despois intermediar a favor da empresa porque o goberno de España é do mesmo cor co de Cee, haberá que facer algo para intermediar e explicarlle no ministerio de transición ecolóxica que aqui o problema é unha nave pola cal imos perder unha empresa con moitos postos de traballo e parece que non se está facendo nada, hai que explicarlle a quen non o saiba que está pasando e que é un perigo grave para o emprego desta comarca.

Sra alcaldesa: vale e eu contestolle de novo falei co xefe territorial de costas e (interrupción)

Sr Pérez: xa mo dixó

Sra alcaldesa: que quere?



Sr Pérez: a posibilidade de facer un pouquiño mais, porque o que me vai contestar xa o sei
Sra alcaldesa: porque hai que facer uns trámites e non dende a alcaldía, o ten que facer a empresa, por parte dos traballadores da empresa se me trasladou que falaría comigo a representante legal da empresa, anteriormente falei ca representante da piscifactoría que si quería íbamos a Madrid e tratar o tema persoalmente e dixo que non quería que xa facía o trámite de alegacións, esa foi a resposta, da mesma maneira que pedin a un representante do comité de empresa, e que me dera traslado do plan de viabilidade e ir con mais forza á Xunta para plantexar enriba da mesa e buscar unha solución, inda estou esperando, non volveu a falar comigo, tamén ten que haber unha predisposición por parte dos representantes sindicais para ir da mesma man e tratar de traballar de forma conxunta e non so xuntarnos diante cunha pancarta, ten que haber algo mais, facer escritos correspondentes e buscar unha solución e o mesmo pasa co tema da piscifactoría, falei varias veces coa representante da empresa imos a Madrid falamos co secretario de Estado, intentamos unha reunión coa ministra, a resposta foi estou facendo as alegacións correspondentes, por agora non, estou disposta a ir a onde sexa e con quen sexa

Sr Pérez: vale vale, so lle digo que marzo está aí e estamos vendo como desaparece

Sra alcaldesa: ten que haber unha predisposición por parte das persoas interesadas non so da alcaldía e do goberno.

Sr Pérez: no caso da entrada esta polo lado do bar parrulo, polo que se dixo, que tipo de mercancía non pode ir 20 metros por unha rúa como aquela, porque non pode parar os camións no seu sitio como outros, porque fan esa entrada alí, sen embargo outras non, que tipo de mercancía leva esa empresa, aquí diante do Gadis os camións paran

Sra alcaldesa: alí foi a policía local cando se fixo aquela reclamación que fai un montón de tempo, mirou o tipo de vía, a mercancía, o vehículo que era dixo que podía durante x tempo e desa forma non sei cal é o problema agora non tiven mais queixas

Sr Pérez: o problema é que a vivenda ten novas fendas, na rúa hai cortes

Sra alcaldesa: con respecto as fendas da casa haberá que estudar non se pode afirmar categoricamente que sexa polo paso de determinados vehículos por cargar e descargar un tempo.

Sr Pérez: xa levamos moito con este tema

Sra alcaldesa: non consta reclamación por escrito e con informe técnico xustificando, o técnico do concello foi alí e non coincide de que esas fendas que se deban os vehículos o que está claro é que nesa praza hai unha zona de mellor cemento e non tan afundido como noutra que hai que facer unha reparación unha actuación si, porque o mellor hai un defecto construtivo como en outras situacións como a cuberta da casa da cultura que entra auga por todo, temos so os rastreis e a chapa sen ningún illamento, por poñer un exemplo o mellor alí hai que facer un tipo de actuación por algún desperfecto na cimentación do chan.

Sr Pérez: osea está pedindo mais reclamacións

Sra alcaldesa: o que dixen o propietario é que cando se poda acometer se fará unha actuación de reforma desa praza como pasa na Rúa Ferrol, na Armada no Son e en moitas rúas de Cee que levan moitos anos e que necesitan unha reparación porque os anos tamén desgastan e o uso

Sr Pérez: nas resolucións da alcaldía hai algunhas denuncias de limpeza de parcelas nas que non aparece quen denuncia, e na maioría delas si, a que se debe?

Sra alcaldesa: porque algunhas actúa a policía local de oficio cando revisa determinadas parcelas e outras presentan

Sr Pérez: porque a policía local fai de oficio unhas e outras non?

Sra alcaldesa: porque a policía local está facendo un seguimento, estamos notificando o tema das pistas que teñen que limpar os marxes das pistas municipais e hai outras que ten veciños e denuncian e hai que actuar das dúas formas

Sr Pérez: si pode actuar a policía local de oficio evítanse conflitos entre veciños e habería mais actuacións porque moitas veces os veciños non denuncian por non enfrentarse o resto dos veciños.



Exp. 2020/G010/000012

Sra alcaldesa: eso a xente si quer vir presentar o escrito hai que darlle o tramite correspondente e hai outros casos que a policía local si observa algún perigo por incendio o fai directamente temos que actuar das dúas formas

Sr Pérez: en vez de denunciar o veciño e mellor decírlle a policía local que pase por alí ou como é eso?

Sr Pérez: hai denuncias na que si aparece o denunciante e outras non é mais cómodo onde non aparece o denunciante

Sra alcaldesa: non sei cal é a pregunta ou o rogo

Sr Pérez: porque a policía local non actúa en todo de oficio e en unhas si e outras non?

Sra alcaldesa: a policía local volvo a repetir, si hai persoas que presentan unha reclamación porque a súa casa tal actúa a policía local.

Sr Pérez: non repita

Sra alcaldesa: si a policía local vai por unha zona determinada da mesma maneira que un vez denunciar por exemplo denuncia a un veciño por non estar limpa a finca e cando revisa a policía local esa zona hai fincas colindantes na mesma situación se mira os titulares e se require a todos.

Sr Pérez: entón si a policía local pasara por alí e actuara de oficio non terían que denunciar os veciños.

Sra alcaldesa: pero a policía local en todas as fincas de Cee non pode actuar de oficio

Sr Pérez: porque en algunhas si e outras non?

Sra alcaldesa: volvo a repetir o mesmo, imposible, aparte cunha redución da plantilla é imposible que a policía local poda abarcar todas as fincas de todo Cee, imposible agora estamos empezando cas pistas municipais que se fixeron os anuncios correspondentes a todos os propietarios que empecen a limpar, está distribuído por zonas para cada un encargarse dunha zona e un control por parroquias.

Sr Vigo: preguntarlle si sabemos algo do informe de costas respecto o de Estorde

Sra alcaldesa: veu este día o vixiante de costas e inda non está terminado.

Sr Vigo: podemos esperar un ano

Sra alcaldesa: como di Vde a administración vai lenta, non depende de min, a administración ten 6 meses para contestar sabeo Vde tamén.

Sr Vigo: respecto a estes últimos días colocou nalgunhas aldeas unha sinal de prohibición de estacionamento caravanas, resulta curioso, cando non existe como tal e o código de circulación non o contempla, podería haber un erro na policía local, eu considero negativo esto e me parece que é claramente contrario a lei non sei cal é o motivo.

Sra alcaldesa: si se refire a que estaba na zona de aparcamento do hospital foi un erro, estivo unhas horas, foi un erro duns empregados era prohibir acampamento non estacionamento, foi un erro que se corrixiu, a que se colocou na zona de Lires e Caneliñas é polo tema de que non poden dar volta pola situación da rúa porque o final en Lires non é posible dar volta e determinados vehículos incluso está sinalizado prohibición aparcamento, o vehículo da basura tivo que ir marcha atrás toda a pista, non se pode aparcar na zona nin vehículos nin caravanas, por instrucións da policía local era mellor poñela, que non se pode aparcar nin estacionar, e en Caneliñas é un sitio extremadamente estreito e é complicado.

Sr Vigo: o tema do camiión do lixo sería mais fácil modificar os horarios, antigamente se recollía as 6 da tarde, se é en horario nocturno se solucionaríaa... intelixible, como nos como concello poñemos unha sinal que non existe me sorprende consulte.

Sra alcaldesa: eu teño un informe emitido pola policía local onde se me indicou era mellor poñer unha sinal correspondente polo tema de Lires que non repito porque coñece a situación, e o tema de aquí foi un erro, tratábase de prohibir acampar non estacionar.

Sr Vigo: a policía local acabará non comprándolle os traxes, todo o que sexa poñer situacións que eviten o desenvolvemento da súa función, realmente vai ser así.



Exp. 2020/G010/000012

Sra alcaldesa: respecto a policía local lle podo asegurar que dende que entrei na alcaldía, a policía local podo recoñecer publicamente o seu gran traballo polo menos dende que son alcaldesa, comprabe a situación como está o mercado dominical agora e antes.

Sr Vigo: agora o mercado está desmantelado

Sra alcaldesa: está ordenadiño, todo mundo encantado, o traballo que está a realizar a policía local lle podo asegurar que entre requirir como dicía antes o Sr Pérez os titulares das fincas entre as actuacións que se está a realizar incluso lle digo actuacións polas tardes de paisano, para controlar determinadas actuacións está facendo un gran traballo que teño que recoñecer publicamente xa sei que lle disgusta porque sempre dicía que a policía local calquera alcalde nunca foi capaz de controlar a policía local.

Sr Vigo: sigo pensando, unha cuestión é que Vde se contente con iso, é distinto sigo pensando exactamente o mesmo, é unha cuestión de apreciación. Unha cuestión relacionada co urbanismo, un tren de lavado no polígono, o home está desesperado porque leva mais dun ano esperando unha licenza que non vexo que teña tanta complicación, non sei que problema existe ou si é deixadez da oficina técnica.

Sra alcaldesa: non é deixadez da oficina técnica, está pendente dun informe que teñen que presentar, xa se lle deu traslado ao organismo da xunta.

Sr Vigo: por ultimo unha cuestión que pasou en diferentes ocasións, e onte pola tarde, os cortes de luz.

Sra alcaldesa: estaban os de Fenosa arreglando, estaban tratando de buscar a avaría.

Sr Dominguez García: me chamou atención vendo resolucións da alcaldía a cantidade de reparos suspensivos que hai

Sra alcaldesa: non son moitos.

Sr Dominguez García: parecenme bastantes, levamos un ano

Sra alcaldesa: si ve polo que son, sacáronse moitas licitacións, e van a menos

Sr Dominguez García: despois de un ano e pico me parecen excesivos

Sra alcaldesa: ai Sr dominguez si repasara os seus, e os que ten da súa época, que aínda temos problemas

Sr Dominguez García: cales

Sra alcaldesa: no no estaríamos aquí hasta as 12 da noite.

Sr Dominguez García: Vde arregle os seus que os meus xa os arreglarei

Sra alcaldesa: agora tócame arreglar os seus e mais os dos outros, pero bueno,

Sra Díaz Freire: no va haber procesión de la Junquera?

Sra. Alcaldesa: tiven unha reunión con el Sr Desire e Ivan, o que se falaba o final a decisión que tomaron foi que se trasladaba a virxen da Xunqueira e San Roque por diante do Rodín, por esa calle, centro comercial entraría o palco e a misa sería ali, non lle chaman claramente procesión chámalle traslado, ese traxecto foi o final o que acordaron, está policía local, protección civil, conforme ás indicacións deles.

Sr Vigo: que palco

Sra alcaldesa: o que se utiliza para as actuacións.

Sr Dominguez Louro: intelixible ...o tema da entrada do parrulo non son arquitecto nin sei a que son debidas as gretas, inda que a dona non teña reclamado por escrito é consciente do problema que hai eu tamén presente escrito no seu día, dúas cousas importantes para cando faga uso da súa competencia si quere, as gretas da casa empezan cando empeza o camiión pesado que ten que subir á beirarrúa para poder entrar e segundo fun testigo como pegaba a parte de atrás na fachada e inda está a marca, estarán os seguros co tema, mais aló dos informes estará o sentido común, non pode entrar alí un camiión desa magnitude

Sra alcaldesa: soamente dicir que esa praza a coñezo ben, lle podo dicir que na zona a que Vde se refire a fendidura no chan a situación da acera leva anos, que hai que facer actuación e reparación, si, non entro no tema da vivenda porque terán que ir os técnicos correspondentes e ver a que son

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Exp. 2020/G010/000012

debidas que poden se causas diversas, non soamente son porque entre un camión pode ser por diversos motivos que facer afirmación desa maneira teñen que decilo os técnicos correspondentes, llo digo por experiencia profesional non son so debidos a que pase o camión hai outros problemas contrutivos e outros defectos, o que é o chan, a calle, eso leva mal fai anos, hai que facer unha actuación como en moitas de Cee.

Sr Dominguez Louro: si eu fun testigo como lle daba o camión na fachada

Sra alcaldesa: por parte da dona si considera que é debido a iso ten que presentar un informe técnico correspondente acreditativo de tales feitos porque o técnico dende o concello non chega a esa conclusión, para concluir como Vde necesito ter un informe técnico que mo diga

Sr Dominguez Louro: perfecto.

intelixible

Sr Hermida: tamén me consta que na oficina técnica hai licenzas presentadas fai mais de un ano e non saben nada, son unhas vivendas unifamiliares, a xente non entende debería haber outra persoa na oficina técnica para axilizar estes temas.

Sra alcaldesa: está claro que a oficina técnica está colapsada cando chegue había 700 expedientes sen resolver solo hai un arquitecto, estivo 6 meses unha arquitecta técnica sacouse de novo a praza e aprobou agora unha arquitecta técnica, e a partir do día 4 termina o período de alegacións e posteriormente este mes se vai a contratar esta arquitecta técnica, isto axilizará o tema dos expedientes pero hai moito traballo atrasado e a situación é a que é xa expliquei en moitas situacións.

Ás 21:30 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán